

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Oferta de emprego público****MODIFICACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2016**

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 02 de decembro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.—Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de 08 de abril de 2016, que pasa a contar coa seguinte redacción:

Aproba-la oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2016, integrada polas seguintes 58 prazas vacantes:

*a) Persoal funcionario**(35 prazas, 27 delas pola quenda libre e 8 por promoción interna)*

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
1	Técnico/a Administración Xeral rama xurídica	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Promoción interna
1	Administrativo/a Administración Xeral	C1	Admón. Xeral	Administrativa	————	Libre
8	Auxiliar Administración Xeral	C2	Admón. Xeral	Auxiliar	————	5 Libre e 3 promoción interna
4	Subalterno/a	E	Admón. Xeral	Subalterna	————	Libre
1	Enxeñeiro/a de Camiños	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
1	Enxeñeiro/a Industrial	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Libre
1	Diplomado/a Traballo Social	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Enxeñeiro/a-Técnico/a Topografía	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Arquitecto/a Técnico/a Aparellador/a	A2	Admón. Especial	Técnica	Media	Libre
1	Técnico/a Xestión	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
1	Técnico/a Relaciones Laborais	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
1	Técnico/a Medio/a Sistemas	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Promoción Interna
2	Programador/a Informática	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais.	Libre
1	Sarxento Extinción Incendios	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Promoción Interna
3	Bombeiro/a	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre
7	Policía Local	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Policía Local	Libre



b) Persoal laboral

23 prazas (1 Capataz pola quenda de promoción interna, 21 de oficiais de oficios do grupo C2 de titulación (6 delas pola quenda libre- 1 oficial condutor, 1 oficial Fontaneiro, 1 oficial Sepultureiro, 1 oficial mecánico e, 2 oficiais coidadores Zoo) e 15 pola quenda de promoción interna, e, 1 de Axudante de Oficios do Grupo Transitorio E pola quenda de promoción interna).

SEGUNDO.—De conformidade co disposto no artigo 59 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) resérvanse un total de 5 prazas (7% das 58 prazas ofertadas (33 correspondentes a quenda libre e 25 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade, dúas delas para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e as tres restantes para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

- Dúas prazas de Auxiliar de Administración Xeral, unha das ofertadas pola quenda libre e outra da quenda de promoción interna.
- Dúas prazas de Oficial de oficios, da quenda de promoción interna, unha delas reservarse para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade intelectual.
- A praza de Axudante de oficios, da quenda de promoción interna, reservada para persoas con discapacidade intelectual.”

Vigo, 13 de decembro de 2016.—O Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), Javier Pardo Espiñeira.

